



AUTORA: Raquel Senra

Adiós, María: recepción e fortuna crítica en *Grial* na década dos 70

Laura Caamaño Pérez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

<https://orcid.org/0000-0001-7914-5904>

[Recibido, 4 novembro 2019; aceptado, 4 xuño 2020]

[Caamaño Pérez, L. (2020). *Adiós, María: recepción e fortuna crítica en *Grial* na década dos 70*. *Boletín Galego de Literatura*, 56, "Notas", 5-21]
DOI <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.56.6393>

RESUMO A novela *Adiós, María*, da autoría de Xohana Torres e publicada en 1971, foi a gañadora do Premio Galicia de 1970 convocado polo Centro Gallego de Buenos Aires, considerado como un dos galardóns literarios máis prestixiosos na época. Aínda así, a primeira e única novela de Xohana Torres non conseguiu naquela altura a suficiente atención por parte da crítica. As escasas e puntuais achegas que foron aparecendo de maneira espallada resultaron insuficientes e superficiais, evidenciando así a relativa falta de interese pola novela no momento da súa aparición. Tendo en conta isto, na primeira parte deste estudo achégase un breve estudo do contexto e da relevancia que supuxo a convocatoria do Premio Galicia para Xohana Torres, para logo ofrecer unha análise da controversia suscitada pola concesión deste premio á escritora. Na segunda parte, ofrécese unha revisión dos comentarios suscitados sobre a novela publicados na revista *Grial* entre 1970 e 1980.

PALABRAS CHAVE *Adiós, María*; Xohana Torres; Premio Galicia; concesión polémica; recepción crítica; *Grial*; anos setenta.

ABSTRACT Xohana Torres' novel, *Adiós, María*, published in 1971, won the 1970 Galicia Prize convened by the Galician Center from Buenos Aires, which is considered one of the most prestigious literary awards at the time. However, the first and only novel by Xohana Torres didn't get sufficient attention of criticism. The few and occasional contributions which were appearing separately proved to be insufficient and superficial, providing evidence of the lack of interest in the moment of its appearance. Having this into account, in the first part of this study will be conducted an approaching of the context and the relevance of Galicia Prize for Xohana Torres and then offering an analysis of the controversy surrounding the awarding of the prize to this writer. In the second part, it will be offered a review of the comments about the novel in journal *Grial* between 1970 and 1980.

KEYWORDS: *Adiós, María*; Xohana Torres; Galicia Prize; polemic awarding; critical reception; *Grial*; the seventies.

Introdución

Xohana Torres é unha figura indiscutíbel na literatura galega, máis en concreto, na novela coñecida como *bildungsroman* ou novela de educación sentimental. Esta modalidade narrativa, característica da década dos anos 70, xorde nunha época de transición, antecedente á posterior democracia española. Nesta incipiente e innovadora corrente debe encadrarse *Adiós, María* (1971), unha novela de formación e educación sentimental que deu voz a unha moza chamada María. Con todo, malia o carácter innovador da novela, a obra non acadou o éxito esperado. Non chegou, nin chega aínda hoxe, a gozar de gran fortuna editorial (con tan só dúas edicións á venda e a súa complexidade á hora de facernos cun exemplar) e moito menos agora coa recente desaparición da autora.

6 A produción literaria de Xohana Torres, prolifera en todo caso, vén cubrir todos os xéneros literarios e campos de escritura (ensaos, publicacións colectivas, traducións...). Xohana Torres inicia a súa andaina literaria coa publicación do seu primeiro poemario *Do sulco* (1957) ao que lle seguirían outros como *Tempo de Ría* (1992) ou *Poesía reunida (1957-2001)* (2004). De xeito paralelo, cultiva o xénero teatral con obras como *A outra banda do Ibero* (1965) e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968); e a literatura infantil con títulos como *Polo mar van as sardiñas* (1967) e *Pericles e a balea* (1984). A finais dos anos 70 escribirá a que foi a súa primeira e única novela: *Adiós, María* (1971).

Se ben a creación poética de Xohana Torres foi obxecto de numerosos traballos e estudos –sendo un dos xéneros máis atendidos pola crítica por ser asemade o xénero máis cultivado pola autora–, a súa produción narrativa non correu a mesma sorte. Aínda que a novela resultou ser a gañadora do Premio Galicia de 1970 –un dos galardóns máis importantes e prestixiosos de narrativa galega da época convocado polo Centro Gallego de Buenos Aires–, e a súa aparición gozou de bo acollemento por parte do público lector da época, *Adiós, María* non conseguiu a suficiente atención por parte da crítica. Deste relativo desinterese por parte dos estudosos e investigadores do campo dá conta a revista *Grial*, unha das publicacións culturais máis destacadas naquela altura. Este semanario funcionaba como altofalante de todos aqueles especialistas de literatura que trataban diferentes cuestións sobre distintos aspectos da realidade e cultura galegas e mesmo universais.

O Premio Galicia de 1970

Contextualización e relevancia do certame literario na época

Co estoupido da Guerra Civil, boa parte da intelectualidade galega viuse na obriga de marchar ao exilio e con ela a lingua –cando menos no ámbito da creación literaria e cultural–, a edición e o sistema literario galego. O sistema editorial reconstrúese en América, nomeadamente en Arxentina, Uruguai e México, mais será en terras arxentinas onde se desenvolva unha maior actividade cultural galega.

En terras bonaerenses coinciden moitos escritores, artistas e intelectuais galeguistas que se viron forzados a marchar ao exilio coincidindo con outros que xa estaban asentados alí antes do estalido da Guerra Civil (Fernández Rodríguez, 2014). O establecemento de parte da intelectualidade galega alén mar propiciou a dinamización da vida asociativa da comunidade galega e impulsou a promoción de numerosas iniciativas e proxectos culturais a prol da cultura galega no exterior. A organización de conferencias, cursos, exposicións ou premios literarios, así como a fundación de organismos asociativos a prol da lingua e literatura galegas foron algúns dos múltiples proxectos culturais que se levaron a cabo por parte dos galeguistas na diáspora. Todos eles evidencian a existencia dun sólido proxecto cultural galego en Bos Aires, capital cultural galega naquela altura.

De entre as múltiples iniciativas que se desenvolveron neste momento, convén destacar a creación do Centro Gallego de Buenos Aires (1907¹). Esta institución era na época unha das entidades da diáspora máis importantes en canto á promoción e difusión do galego. En palabras do propio Gerhardt (2015, p. 3):

El Centro constituía la gran asociación gallega de Buenos Aires y una de las más antiguas, que desde su ininterrumpida marcha iniciada en 1907 había logrado construir su poder apoyada en el considerable número de inmigrantes gallegos residentes en la ciudad.

Á altura de 1950, este centro galego chega a converterse na entidade mutualista máis importante de América naquela época: “En 1950, el Centro

¹ Proponse o 1907 como data de creación por ser o ano no que se asina a Acta de Fundación do Centro.

Gallego de Buenos Aires alcanzó los 85.000 asociados, que fueron largamente superados en corto tiempo hasta alcanzar más de los 100.000” (Andrade Cobas, 1999, p. 52). Esta institución contaba con dos orzamentos máis significativos e considerábeis que existían no momento destinados ao labor de promoción e difusión da cultura galega: “O Centro Galego de Bos Aires destina o 2% do seu millonario orzamento a actividades culturais como a publicación de libros, a organización de conferencias e de concursos literarios” (Galanes Santos, 2017, p. 116).

Este centro, institución clave na promoción e difusión da cultura galega, convocaba de maneira periódica certames literarios en diferentes categorías. Foi o caso do Premio Galicia de 1970, un dos galardóns literarios máis desexados para os escritores galegos debido á gran repercusión que supuña ser o gañador dun premio de tal consideración no panorama cultural galego. Este tipo de premios, por unha banda, dábanlle moita visibilidade ao gañador asemade se concibía como unha excelente oportunidade para conseguir unha importante cantidade de cartos: “El Premio Galicia de novela, dotado con la no desdeñable cantidad de doscientas mil pesetas [...]” (Soto, 1972, p. 43).

8

Este premio estaba destinado a galardoar textos pertencentes ao xénero narrativo e perseguía o propósito de dar visibilidade á novela galega: “El premio tiene una importante misión que cumplir. El estímulo al desarrollo de la novela gallega, que es apenas conocida fuera de las fronteras culturales de Galicia” (C. Muruais, 1972, p. 46). Os textos que foran ser presentados ao certame debían estar escritos en prosa e en lingua galega, e ser representativos do modo de vida e dos costumes da sociedade galega. A extensión dos mesmos debería abranguer entre os 180 folios, como mínimo, e os 300, como máximo. Alén de premiar os mellores candidatos, esta iniciativa do Centro Gallego de Buenos Aires, tamén exercía a función de promover e difundir os textos que resultasen gañadores.

Con todo, este certame literario caracterizouse por ser un concurso literario efémero, de curta duración, pois contou con tan só unha edición, a correspondente ao ano 1970, como recolle o xornalista e escritor pontenovés Perfecto C. Muruais na súa recensión publicada na revista *Triunfo* en 1972: “Esperemos que tenga continuidad mientras las circunstancias lo hagan necesario. Cosa dudosa, porque, que yo sepa, no ha sido convocado el siguiente” (1972, p. 46).

O Premio Galicia de 1970: unha concesión polémica

En 1970, *Adiós, María* gaña o Premio Galicia convocado polo Centro Galego de Buenos Aires. A esta convocatoria presentáronse un total de doce novelas. Entre as candidatas cómpre destacar obras como *O mesón do birollo* (1971) do escritor pontevedrés José Fariña Jamardo, *Xente ao lonxe* (1972) do escritor ourensán Eduardo Blanco Amor, *O silencio redimido* (1977) do escritor tamén ourensán Silvio Santiago e, a única proposta de autoría feminina, *Adiós, María* (1971) de Xohana Torres. A concesión deste prestixioso premio en outubro de 1970 supuxo o nacemento de Xohana Torres como novelista, quen até o momento tiña cultivada a poesía, o teatro e o conto infantil, pero non o xénero novelístico.

O xurado do certame desta edición estivo composto por diversas figuras relevantes no eido cultural galego: Sebastián Martínez-Risco (Presidente da Real Academia Galega) e os académicos e encargados de representar as editoriais Castrelos e Galaxia Leandro Carré Alvarelos, Xosé María Álvarez Blázquez e Isidoro Millán. Non obstante, esta é unha nómina incompleta debido á ausencia do membro da Real Academia Galega Joaquín Freyre de Andrade, que se viu na obriga de abandonar o tribunal no último momento por non ter lido as obras candidatas. Á composición do tribunal e da situación insólita na que se viu envolto Joaquín Freyre de Andrade alude Ramón Piñeiro nunha das cartas que escribe a Basilio Losada, con data do 13 de outubro de 1970:

O do xurado ten certos aspectos cómicos. A Academia tiña que enviar seis nomes pra escolleren en B. Aires 2. Como Sebastián Risco era o presidente nato do xurado –il estaba ausente en Lérida–, os da Xunta de Goberno puxéronse a sí mesmos encabezando a lista dos 6 nomes, e en B. Aires escolleron os dous primeiros –Freire de Andrade e Carré–. Castrelos e Galaxia deberían propor cada unha 3 nomes, pra que iles elexisen un. Castrelos, con tanto impudor como a Xunta académica, propuxo istes 3 nomes: Xosé M.^a Álvarez Blázquez, Emilio Álvarez Blázquez e Alfonso Álvarez Gándara, e tamén escolleron o primeiro da lista. Galaxia propuxo a Marino Dónega, Celestino e Isidoro Millán (González e Lama, 2009, p. 819).

Sobre a posíbel participación de Xohana Torres como candidata ao Premio Galicia dedica unhas palabras Ramón Piñeiro nunha carta dirixida a Basilio Losada, na que lle confesa o seguinte: “Coido que hai varios concursantes ao premio de novela, entre iles o Blanco Amor e coido que Xohana Torres” (González e Lama, 2009, p. 819).

Así as cousas, o premio non estivo exento de polémica a raíz das duras críticas que dedicou Eduardo Blanco Amor contra o concurso literario. O motivo do malestar do escritor ourensán coa organización do certame foi a exclusión temperá da súa novela *Xente ao lonxe*, a cal non chegou a estar nin sequera entre as obras finalistas. Nesta altura, Blanco Amor non gozaba dunha boa situación económica –estaba a pasar por dificultades graves de diñeiro– polo que a contía do premio suporía un pulo considerábel na súa minguada economía. A fervorosa reacción de Blanco Amor contra o tribunal do premio foi recollida por Ramón Piñeiro nunha das súas cartas dirixidas a Basilio Losada, con data do 11 de novembro de 1970:

O Blanco Amor levou un disgusto tremebundo co fallo do concurso de novela. Según di, e créollo, máis que nada importáballo polas 200.000 pts, “que nunca as tivo xuntas no seu poder”. Por ise lado dáme pena dil, pois agora de vello seica anda mal de cartos (González e Lama, 2009, p. 820).

Pola súa parte, Basilio Losada tamén quixo dar conta da indignación manifestada polo escritor auriense e respóndelle a Ramón Piñeiro como reza:

Anda por acó o Blanco Amor. Deume a leer a súa novela. Está doído por perder as 200.000. A novela é boa, moito máis complexa e ambizosa que *A esmorga* (...). Ben escrita, porque ten verdadeira habilidade idiomática. O que pasa é que non vai pasar a censura (...). Acó –en Barcelona– foi moi ben acollido (González e Lama, 2009, p. 836).

A este respecto, a profesora e investigadora María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda nas súas *Conversas con Eduardo Blanco Amor* (1995) recolle a seguinte afirmación do propio Blanco Amor: “Ni siquiera la consideraron. Envié cinco ejemplares, dos de ellos pegados, y me los devolvieron en las mismas condiciones. Creían que algunas cosas eran obscenas” (p. 142).

Outro gran estudoso da literatura galega como é Xosé María Álvarez Cácamo, encargado de asinar o prólogo á *Correspondencia habida entre Xosé M^a Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González-Pardo*, atribúe a desmesurada postura que manifestou Blanco Amor ao sentimento de vaidade e egocentrismo que o caracterizaría:

A descomunal egolatría de Eduardo Blanco Amor explica, pero non xustifica, a súa inaceptábel posición, da que eu mesmo fun testemuña abraida. En 1977, sete anos despois da execución daquela ofensa de imborrábel efecto e no momento do meu primeiro encontro con el, lembroume a pretendida inxusti-

za que cometera meu pai con *Xente ao lonxe*, novela de calidade moi superior –segundo a súa apreciación– a *Adiós, María*, que descalificou de maneira global (Álvarez Cáccamo, 2012, p. 14).

Á altura destas circunstancias, resulta apropiado salientar a entrevista² realizada por un novísimo Carlos Casares ao escritor Eduardo Blanco Amor con motivo da concesión do Premio Galicia 1970. Cando Casares lle pregunta a Blanco Amor por *Xente ao lonxe*, o autor amosa unha actitude crítica e irónica contra o xurado encargado de conceder o cobizado premio e insiste na inxustiza que se fixo excluindo a súa obra do certame:

Fixen esta novela tentado por un premio misteriosamente administrado por uns cabaleiros que fixeron desta operación literaria unha sorte de discriminación moral da que *Xente ao lonxe* saíu triunfante, ou sexa, rexeitada por unanimidade (Casares, 1973, p. 344).

Con respecto á decisión do xurado e ao feito de que gañase o concurso Xohana Torres, Blanco Amor amósase conciliador coa narradora e, mesmo, considéraa “amiga”: “os cartos foron parar ás maus amigas de Xohana Torres, e nunca máis merecidos nin mellor destinados” (Casares, 1973, p. 344).

Pola súa banda, o escritor vilarense Silvio Santiago tamén se amosou moi crítico co tribunal do premio e manifestou o seu profundo desacordo coa organización do certame. O seu malestar foi comentado polo propio Ramón Piñeiro nunha carta ao seu colega Basilio Losada datada do 11 de novembro de 1970 que di así: “Outro que levou unha perrencha fenomenal foi o Silvio, iste non polos cartos –porque ten moitos– senón pola gloria literaria” (González e Lama, 2009, pp. 820-821). Con todo, o escritor de Vilardevós reconece a innovadora técnica discursiva de Xohana Torres, como recolle Basilio Losada nunha das súas cartas a Ramón Piñeiro, con data do 30 de setembro de 1970 que reza así: “Hoxe chamoume Silvio Santiago e tívome vinte minutos ao teléfono dándome a súa peculiarísima visión do arte narrativo de Xohana” (González e Lama, 2009, p. 873).

A gran satisfacción de Álvarez Blázquez por conseguir que fose Xohana Torres quen gañase o certame foi recollida polo seu fillo, Xosé María Álvarez Cáccamo (2012, p. 14), quen o lembra como segue:

² Faise referencia á entrevista publicada no número 41 (1973) en *Grial* baixo o título “Leria con Eduardo Blanco-Amor”.

[Falando de *Adiós, María*] Lembro a paixón con que o meu pai me referiu o gozo da descuberta e defensa daquel orixinal na sesión deliberativa celebrada en A Coruña, xuntanza na que, fronte á novela preferida por outros membros do xurado, Isidoro e el apoiaron un texto moi atractivo, no que transparentaban técnicas anovadoras e certo parentesco con algunhas das recentes propostas dos autores do *boom* latinoamericano.

Recoñece, ademais, que seu pai e Millán tiveron que “convencer” a algúns dos integrantes do xurado, feito que provocou que o ditame se adiaze: “Sentíase Xosé María moi orgulloso do esforzo compartido con Millán para convencer algún outro compoñente do tribunal literario, xestión que lles levou horas e que motivou o adiamento do dictame para o día seguinte” (Álvarez Cáccamo, 2012, p. 14).

Foi tal o desconcerto e estupor que causou a revelación da autoría de *Adiós, María* que mesmo algúns dos membros que conformaban o xurado se amosaron verdadeiramente estrañados ao descubrir que se trataba dunha novela escrita por unha muller e, máis aínda, por Xohana Torres –posto que até o momento non se lle coñecía ningunha obra narrativa. A propia autora recoñeceu a súa incredulidade ante o veredicto do xurado, como queda recollido por Ramón Piñeiro nunha carta a Basilio Losada escrita o 11 de novembro de 1970: “A máis sorprendida foi Xohana” (González e Lama, 2009, p. 821). Incluso o propio Ramón Piñeiro, antes de coñecerse o nome do gañador ou gañadora do concurso, atribuíalle a autoría da obra a Eduardo Blanco Amor por tratarse da “mellor novela” que se presentara ao certame: “O Blanco Amor díxome que il mandara unha boa novela. Craro está que a súa opinión non será demasiado ouxetiva, pro dende logo pode ocorrer que seña a mellor” (González e Lama, 2009, p. 819), confesándolle a Basilio Losada que el non chegou a ler ningunha das obras que se presentaran ao concurso:

Eu non conozo ningunha das que se presentaron. A única que lin, hai anos, foi a do Silvio, pro díxome que a modificara totalmente, así que tampouco esa conozo. A primeira versión era espléndida na primeira parte e froxeaba algo na segunda. A nova versión non lla lin (González e Lama, 2009, p. 821).

Este sentimento de sorpresa é compartido polo escritor ferrolán Ricardo Carballo Calero, quen escribe a Xohana Torres para felicitala polo premio e louvala polas técnicas innovadoras empregadas na obra. En palabras da propia Teresa Bermúdez (2002, p. 29): “[Ricardo Carballo Calero] deixa entrever

a sorpresa perante certas técnicas e procedementos presentes na novela”. Do mesmo xeito, Ramón Piñeiro e Basilio Losada comentan os eloxios que se están facendo da novela, chegando a dubidar do seu carácter innovador: “Seica era a obra de estilo máis moderno” (González e Lama, 2009, p. 821).

Poucos días despois, o profesor Basilio Losada, nunha epístola escrita a Ramón Piñeiro, dalgún xeito desvaloriza o labor de Xohana Torres como narradora (e dramaturga) quen, á súa vez, salienta a súa faceta como poeta:

Dende logo a novela de Xohana Torres ten que ser boa si acabou por impoñerse a novelas de Silvio Santiago, Blanco-Amor e mais Casares. Eu non teño muita fe en Xohana Torres como narradora, a verdade. Paréceme boa como poeta, non é gran cousa o seu teatro (...) (González e Lama, 2009, p. 822).

O remitente aproveita así mesmo para propoñer a publicación dun compendio que reunise aquelas propostas literarias que foron presentadas ao concurso e “que teñan interés”. Deste xeito, levando a cabo iniciativas desta índole, contribuiríase a fomentar e difundir a narrativa escrita en galego: “O que conviña agora era editalas todas -é decir: todas as que teñan interés. Podía ser un bon ano prá novela galega” (González e Lama, 2009, p. 822). A este respecto, non se fai esperar a peculiar resposta de Ramón Piñeiro, quen ten a certeza de que *Adiós, María* será editada nun futuro:

A novela do Blanco Amor supoño que a publicará, inda que adoita a postura ofendida “de non escribir unha liña máis en galego”. A do Silvio non é posible, porque xa o intentou il -con prólogo do Cela- e nona autorizou a censura. A de Xohana por suposto que se editará (ela quere que lla ilustre o Virxilio). As restantes non sei de quen son e figúrome que parte delas será bastante mellor que non se publiquen. Pro si hai tres que merecen editarse, evidentemente o concurso é un éxito (González e Lama, 2009, p. 824).

Pouco tempo despois, Basilio Losada nunha carta dirixida a Ramón Piñeiro, datada do 25 de agosto de 1971, valora moi positivamente a novela de Xohana Torres da que afirma o seguinte: “Leín a novela de Xohana Torres e gustoume muito -dende logo é muito mellor do que eu esperaba, e mellor que a de Blanco-Amor e a de Silvio Santiago, aínda que esta a conozo sólo pola versión castelán que me mandou” (González e Lama, 2009, p. 870). De igual xeito, Ramón Piñeiro nunha epístola dirixida a Ricardo Carballo Calero, datada do 15 de xaneiro de 1962, destaca o bo facer da autora como narradora e louva o seu talento para o exercicio da escrita: “Xoana ten indudábel

talento e pódense agardar dela cousas interesantes. Eu confío nela” (Alonso Gírgado, Cuquejo Enríquez e Fariña Miranda, 2004, p. 49). O agrado e a satisfacción que lle produciu a novela queda explicitamente demostrada en moitas outras cartas. A finais de setembro de 1962, Basilio Losada volve cartearse con Ramón Piñeiro para, de novo, amosar a súa preferencia pola novela de Xohana Torres:

A novela gustoume, realmente [...]. Eu conozo as dúas novelas, e a mellor é a de Xohana Torres, logo a de Blanco Amor, a de Silvio Santiago decepcionoume (González e Lama, 2009, p. 873).

Na altura de 1971, a novela gozou dunha boa acollida, sendo moi ben valorada por boa parte do público lector, cuxo número de vendas chegou a acadar arredor dos mil exemplares (Bermúdez, 2010, p. 187) e é o propio Ramón Piñeiro quen, nunha das súas cartas a Basilio Losada, recoñece o éxito da novela:

En xeneral, a novela da Xohana Torres gustou francamente. Todos falan ben dela –non garantizo que Blanco Amor e Silvio participen desa opinión–, e coído que se vende moi ben (xa van vendidos mil exemplares, según din) (González e Lama, 2009, p. 871).

14

Pola súa banda, Basilio Losada nunha das súas cartas a Ramón Piñeiro, datada do 15 de novembro de 1970, comenta a repercusión que tivo o certame literario en España, máis concretamente, en Barcelona: “a crónica de *La Vanguardia* dixo que fora un éxito e que presentáranse *dos* novelas” (González e Lama, 2009, pp. 821-822). Pouco tempo despois de aparecer publicada *Adiós, María*, Basilio Losada pídelle a Ramón Piñeiro que contacte con Xohana Torres para propoñerlle levar a cabo unha edición traducida ao castelán da novela:

Non sei si a Xohana Torres interesaralle a versión ao castelán, poida que si eu falara co Pere Gimferrer, de Seix Barral, poidérase facer. Si che é posible fai con ela unha xestión informal informándolle da posibilidade, a ver como a recolle (González e Lama, 2009, p. 870).

A resposta por parte de Xohana Torres non se fixo esperar. A escritora rexeita a proposta, deixando ben clara a súa postura a favor da defensa da lingua galega. Segundo recollen as filólogas Helena González e María Xesús Lama, Xohana Torres xustificaría o seu rexeitamento xa que “unha tradución

inmediata ao castelán sería pouco consecuente co seu sentir” mais, a propia autora recoñece que non descarta a posibilidade de facer unha tradución a calquera outra lingua:

Eu faleille a Xohana da posibilidade dunha xestión para editala en castelán. Díxome que xa lle escribira Lara interesándose pola edición castelá e que tamén o Ferrín lle transmitira unha oferta semellante por encargo de outra editora. A actitude da Xohana é que escribe en galego por lealtade á lingua e que unha tradución inmediata ao castelán –competidor prepotente do galego– sería pouco consecuente co seu sentir. Cousa distinta sería si se tratase dunha tradución a outra lingua non competidora da nosa na nosa mesma casa (González e Lama, 2009, pp. 871-872).

Os estudosos Isidoro Millán e Xosé María Álvarez Blázquez, ambos os dous membros do tribunal do Premio Galicia cartéanse e comentan a linguaxe empregada pola autora participante no certame literario e comentan posibles correccións que se lle poderían facer á novela. En carta do día 8 de decembro de 1970, Isidoro Millán lémbrale o compromiso que ambos os dous adquiriron para realizar as modificacións e correccións pertinentes á novela que, en pouco tempo, a editorial viguesa Edicións Castrelos sacaría do prelo:

Aproveito esta carta pra che informar que recibín unhas letras de Xoana Torres, reclamándome o exemplar de “Adiós, María”, que nefeuto, me reservara deica este intre, co ouxeto de precisar aínda máis en detalle as emendas e engádegas [...] que, no meu sentir, millorarían a presentación da novela. Hai algúns fallos de linguaxe que, sen mingoarlle nada á fasquía e niveis da obra, pódense eliminar dela. Si así non se fai, os xurados que levamos a responsabilidade da decisión colectiva, quedaremos moito máis “collidos” nunha primeira repulsa ininteli-xente que os que, xa de primeiras, se mostraron en contra ou renuentes... Xa tí me entendes (Cochón Touriño, 2012, p. 52).

Ao día seguinte, Isidoro Millán recibe a resposta de Álvarez Blázquez onde lle informa de que vai ser o editor de *Adiós, María* a petición do Centro Gallego de Buenos Aires:

Fun eu mesmo quen lle dixen a Xohana Torres que, ao te pedir o exemplar da súa novela, pedise tamén as atinadas notas que presentache ao Xurado, das cales me facía solidario totalmente, posto que incluso era un compromiso pola miña parte, agora máis forte polo feito de que vou ser, por encomenda do Centro Galego de Bs. Aires, o editor da obra (Cochón Touriño, 2012, p. 53).

En relación á futura publicación da novela, Álvarez Blázquez escribelle a Millán con data de 1 de xullo de 1971 para informarlle de que a novela non tardará en saír do prelo. Segundo as súas propias palabras, isto produciríase “dentro dun par de semanas”. Álvarez Blázquez amósase satisfeito co resultado final da novela, a cal “queda xeitosa” (Cochón Touriño, 2012, p. 58).

Trala controversia que suscitou a concesión deste desexado galardón por parte dos escritores e escritoras en lingua galega, en 1971 aparece publicada a primeira edición de *Adiós, María*, patrocinada polo Centro Gallego de Buenos Aires, en colaboración co Instituto Argentino de Cultura Gallega e Edicións Castrelos de Vigo³. Esta primeira tirada foi impresa no obradoiro “Faro de Vigo, S. A”, ao coidado de “Edicións Castrelos”, o día 15 de xullo, coincidindo co 86º aniversario do pasamento de Rosalía de Castro.

Comentarios suscitados sobre a novela na revista *Grial* nos anos 70

O feito de que a novela fose galardoada cun dos premios máis importantes naquela altura como era o Premio Galicia de 1970 non levou consigo a atención por parte da crítica que merecía –e continúa merecendo– a obra. Malia as novidosas técnicas formais que presentaba a novela como exemplo da modalidade narrativa do *bildungsroman*, o certo é que a súa aparición no sistema literario non gozou de gran repercusión. Na década dos anos 70, é dicir, entre 1970 e 1980, os ensaios e traballos que se publicaron sobre *Adiós, María* na revista *Grial* foron máis ben escasos. Os testemuños da época evidencian a escasa recepción que tivo dende os seus comezos a obra.

Así, no mesmo ano no que é galardoada a novela, aparece recollida a noticia da súa concesión no artigo titulado “O Premio ‘Galicia’ de novela, a Xohana Torres”⁴. O artigo, ademais de tratar aspectos relacionados estritamente co propio concurso, desenvolve dúas cuestións fundamentalmente: por unha banda, a temática tratada na novela, dende unha perspectiva puramente formal e, por outra, a autoría do texto. O artigo pon de manifesto o carácter innovador e renovador das técnicas empregadas pola autora, aínda tratando o tema da emigración. Segundo o autor, Xohana Torres desenvolve o tema da

³ Fai referencia á primeira edición da novela datada de 1971.

⁴ Publicado no número 30 (1970) da revista [aparece sen asinar].

emigración dende unha perspectiva totalmente novidosa: a través da ollada dunha rapaza que queda, que non se vai. Tamén se dedican unhas palabras a Xohana Torres, identificándoa como unha figura de grande relevancia na literatura galega como poeta e dramaturga recoñecida mais non como narradora. Así mesmo, alúdese ao feito de que non só foi galardoada nesta ocasión, senón que tamén recibiu diferentes premios en concursos literarios anteriores de teatro e poesía. A súa vez, o texto manifesta o sentimento de estrañeza e incredulidade que causou o feito de que a autora de *Adiós, María* fose Xohana Torres: “O premio foi outorgado no pasado mes de outubro e recaeu na novela tíduada *Adios, María*, da que resultou autora Xohana Torres” (*Grial*, 30, p. 503).

En canto á disposición do texto, chama especialmente a atención que a noticia apareza no último apartado da revista así como a súa breve extensión. Tendo en conta a importancia e o prestixio que caracteriza ao premio, o semanario apenas trata este destacado acontecemento. De xeito moi breve e a grandes trazos, coméntase o labor do Premio Galicia, a temática da novela e determinados aspectos biográficos da autora, aportando aqueles detalles máis destacados da súa biografía. Esta é unha primeira mostra da desatención que sufriu, xa dende os seus inicios, a única novela de Xohana Torres.

Ao ano seguinte, en 1971, aparece outro artigo titulado “Adiós María, por Xohana Torres” escrito por Francisco Fernández del Riego –asinado co pseudónimo de Salvador Lorenzana⁵. Nel, o autor reflexiona sobre a temática que se debería tratar nas creacións novelísticas características da época, onde critica os narradores do momento por escoller para as súas novelas temáticas realistas e obxectivas, centradas na realidade que os rodea. Segundo el, estaríase a relegar a un segundo plano a fantasía e o compoñente imaxinativo en favor do realismo e o obxectivismo. Neste contexto realista sitúa Fernández del Riego *Adiós, María*:

a novelista interpreta o complexo panorama dunha etapa crítica vivida neste chan galego, con proxección cara a Europa [...]. A proxección realista que dá Xohana Torres á novela fai que ésta se convirta nun documento e feitos que teñen que ver coa vida galega de arestora; e non soio iso, sinón que, nalgúns casos, linda coa crítica e máis coa denuncia (Fernández del Riego, 1971, pp. 365-366).

⁵ Publicado no número 33 (1971) do semanario.

Ademais de desenvolver a temática da novela, o autor da recensión trata outros elementos característicos da novela como son a trama argumental, os personaxes ou a cuestión da temporalidade do discurso. En canto ao estilo da novela, sinálase que se trata dunha linguaxe coloquial e informal cuxa fin é “chegar ao lector por un camiño que amosa recóbdados con escasas froes” (Fernández del Riego, 1971, p. 366). O autor recoñece o éxito da novela debido á súa novidosa construción discursiva, malia o carácter novel da autora e a posibilidade de non ser ben acollida polo público, por ser sumamente innovadora. Para el, o máis interesante da novela sería o artellamento dos personaxes e cualifica a obra como “unha boa novela coa que se arrequecen as letras galegas de hoxe. É a historia dunha ialma sometida aos influxos que denuncian unha dura realidade dos nosos días” (Fernández del Riego, 1971, p. 366). De novo, trátase dunha achega puramente formal no que se analizan os diferentes compoñentes que conforman a novela en tan só dúas páxinas.

No ano 1972, a catedrática de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela María Mercedes Brea López, propón unha análise da estrutura e personaxes da novela no seu artigo intitulado “Adiós María”, de Xohana Torres. Estructura e persoaxes⁶. Nela, a autora analiza varios aspectos da novela como son a temática, as coordenadas espaciais, a técnica discursiva e os personaxes, entre outras cuestións. Na introdución, a investigadora enumera as catro razóns polas que a novela resultaría interesante: 1) por ser galardoada co Premio Galicia en 1970; 2) por ser unha novela testemuñal (abordando a problemática da emigración dende unha perspectiva innovadora); 3) por seguir as derradeiras tendencias narrativas; e 4) sendo o máis relevante para ela, porque “ocupa un posto destacable dentro da moderna narrativa galega na percura dunha auténtica novela galega” (Brea López, 1972, p. 344). Na conclusión pon de manifesto a necesidade de actualizar a literatura galega –pois quedara desfasada– para volver ocupar o lugar que lle correspondería, ao mesmo nivel ca o resto de literaturas europeas, máis en concreto, a narrativa galega. Así, en palabras da profesora estradesa, “[*Adiós, María*] é un paso máis nese difícil camiño pra conquistar una verdadeira novela galega, xa que, si ben por agora, por desgracia, é ben pouco o que temos, xenios narrativos non nos faltan” (Brea López, 1972, p. 352).

A diferenza dos artigos publicados en anos anteriores, este asinado por Brea López constitúe un estudo moi detallado de cada un dos aspectos que

⁶ Publicado no número 37 (1972) da revista.

trata a autora. Aínda que, de novo, se trate dunha recensión fundamentalmente formal, a autora desenvolve cuestións suxestivas e relevantes para o estudo da novela e do seu contexto. Trátase dun texto de arredor de nove páxinas (un número considerábel tendo en conta a extensión dos textos comentados anteriormente). Polo tanto, xa non se trataría dun breve e superficial comentario sobre a novela, senón que achega unha elaborada e pormenorizada análise da obra.

Case unha década despois, en 1978, sae á luz un artigo titulado “Unha novela popular” escrito por un autor do que só se dá a súa primeira inicial, C⁷. Este texto, aínda que ten como obxecto de estudo a obra *Botéi corenta anos* (1977) de Enrique Iglesias Alvarellos, trata a novela de Xohana Torres, comentado a temática e a discursividade da obra, para logo establecer unha comparación entre ambos os dous textos. Segundo el, *Adiós, María* combina a temática popular (como é o fenómeno da emigración) con técnicas experimentais, mentres que a obra de Iglesias Alvarellos se caracterizaría polo seu carácter puramente social. Desta maneira, *Adiós, María* é presentada como unha hibridación entre a corrente social e a técnica experimental. En canto á súa extensión, este sucinto comentario ocupa apenas catro liñas do total do artigo.

19

Esta compilación e revisión de artigos e estudos que saíron á luz durante a década dos anos setenta, evidencian a escasa atención por parte da crítica na altura. De entre todos os autores que tratamos ao longo deste estudo, tan só dous deles –Francisco Fernández del Riego e María Mercedes Brea López– detivéronse nas súas respectivas análises sobre a novela. As restantes achegas caracterízanse polo seu carácter panorámico e descritivo, mais non crítico, considerándose máis ben circunstanciais e anecdóticas.

Conclusión

Para moitos estudosos e especialistas na materia, neste caso, seguindo a propia Teresa Bermúdez, *Adiós, María* “marcou a recuperación para a literatura galega da voz do ‘eu feminino’, da voz literaria que reflexiona desde unha

⁷ Non temos máis referencias sobre a autoría deste artigo. Só sabemos que aparece publicado no número 59 (1978) da revista.

óptica de muller” (2010, p. 191). *Adiós, María*, ao igual que toda a produción literaria da autora, exemplifica á perfección a adquisición dun rol na vida pública por parte das escritoras, fito que supón a aparición dun novo estadio na escrita de mulleres que, segundo o *Diccionario da literatura galega*, pasa “da escrita da igualdade [...] á procura da escrita da diferenza” (1995, p. 15).

Aínda así, a pesares do carácter innovador da obra, a novela non acadou o éxito esperado. Non chegou, nin chega aínda hoxe, a gozar de gran fortuna editorial e menos agora coa recente desaparición da autora. As escasas e puntuais achegas que foron aparecendo de maneira espallada na revista *Grial* dan conta da escasa atención que gozou a novela no momento da súa aparición. O conxunto de textos publicados en *Grial* evidencian a falta de interese por parte da crítica durante a década dos anos 70.

Así as cousas, case medio século despois de recibir o Premio Galicia no ano 1970 e trala súa publicación un ano máis tarde, en 1971, *Adiós María* continúa a ocupar unha posición periférica no sistema literario galego, caracterizándose pola súa escasa difusión no eido editorial en Galicia.

Bibliografía

Alonso Girgado, L., Cuquejo Enríquez, M. e Fariña Miranda, C. (Eds.) (2004). *Cadernos Ramón Piñeiro, V. Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Dirección Xeral de Política Lingüística e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <https://www.cirp.gal/w3/publicacions/pub-0163.html>

Álvarez Cáccamo, X. M. (2012). Prólogo: Unha longa conversa de amizade e cultura. Correspondencia entre Isidoro Millán González-Pardo e Xosé María Álvarez Blázquez. En X. L. Cochón Touriño (Ed.), *Cadernos Ramón Piñeiro, XXI. Correspondencia habida entre Xosé M^a Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González-Pardo* (pp. 9-17). Xunta de Galicia e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <https://www.cirp.es/w3/publicacions/pub-0341.html>

Álvarez Ruiz de Ojeda, M. V. (1995). *Conversas con Eduardo Blanco Amor*. Nigra.

Andrade Cobas, J. R. (1999). *Galleguidad en la Argentina*. Xunta de Galicia.

Anónimo. (1970). O Premio “Galicia” de novela, a Xohana Torres. *Grial*, 30, 503.

Bermúdez, T. (2002). *Unha lectura de... Adiós María de Xohana Torres*. Edicións Xerais de Galicia.

- Bermúdez, T. (2010). *Adiós María* ou o espertar da autoconciencia feminina na narrativa galega. *Ferrol análise*, 25, 186-199.
- Brea López, M. M. (1972). “Adiós, María”, de Xohana Torres. Estructura e persoaxes. *Grial*, 37, 344-352.
- C. (1978). Unha novela popular. *Grial*, 59, 119-120.
- C. Muruais, P. (1972). Hacia el desarrollo de la novela gallega. *Triunfo*, 484, 46.
- Casares, C. (1973). Leria con Eduardo Blanco-Amor. *Grial*, 41, 337-344.
- Cochón Touriño, X. L. (Ed.) (2012). *Cadernos Ramón Piñeiro, XXI. Correspondencia habida entre Xosé M^a Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González-Pardo*. Xunta de Galicia e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <https://www.cirp.es/w3/publicacions/pub-0341.html>
- Cochón, I., Fernández, L., Fortes, A. B., Gonzalez Fernández, H., Monteagudo, H., Nicolás, R., Ríos Panisse, M. do C., Vilavedra, D. (Eds.) (1995). *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*. Galaxia.
- Fernández del Riego, F. (1971). Adiós, María, por Xohana Torres. *Grial*, 33, 364-366.
- Fernández Rodríguez, Á. (2014). Los exiliados gallegos de la II República. Grandes aportaciones pero escasa visibilidad. *Cuadernos Hispanoamericanos*, 768, 20-42.
- Galanes Santos, I. (2017). *Memorias dun neno labrego: a forxa dun Longseller*. *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 20, 113-126.
- Gerhardt, F. (2015). Asociacionismo gallego y mercado del libro en la Buenos Aires del medio siglo: dos proyectos editoriales de Luís Seoane. *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 18, 457-467.
- González, H. e Lama, M. X. (Eds.) (2009). *Do sentimento á conciencia de Galicia: correspondencia (1961-1984) de Ramón Piñeiro e Basilio Losada*. Xunta de Galicia e Galaxia.
- Soto, J. (1972). La novela gallega. *Triunfo*, 487, 43.
- Torres, X. (1971). *Adiós, María*. Ediciones Galicia e Edicións Castrelos.